

## [A Coruña Atento: Un verán que arde



**26, 27 e 28 de XULLO: FOLGA 24H PAROS de 2 horas do 5 ao 11 de agosto**

Atento volve á carga con ataques á nosa dignidade e á nosa saúde, e nós temos que responder coas ferramentas que sempre nos permiten facerlles fronte: unión , solidariedade e loita obreira.

Seguimos tendo que traballar nun ambiente insoportable porque non temos a formación adecuada para o desenvolvemento do noso traballo, nalgúns horarios e departamentos as aplicacións deixan de funcionar todos os días, funciona a pleno rendemento a mutua de reforzo contratada por Alento para reducir as baixas como sexa, aínda a costa da nosa saúde, e o máis grave, segue incesante o goteo de despedimentos miserentos de compañeirxs, sen xustificación e aducindo causas falsas e denigrantes co obxectivo de meternos o medo no corpo de sermos nós xs seguintes á próxima .

Pois ben, non hai outra maneira. Xa sabemos que Atento non actúa de boa fe nin cando (simula) negociar, e quen dicía que solucionaríaa pola vía administrativa os incumprimentos da empresa nos acordos enganábase: a inspección de traballo determinou que non está na súa man obrigarlles a cumprir o acordo no AGA do ano pasado. A solución depende de nós; coma sempre, somos nós quen podemos cambiar o noso futuro e conseguir que Atento nos respecte.

**NINGUNHA AGRESIÓN SEN RESPSTA**

**OS DÍAS 26, 27 E 28 DE XULLO PARAMOS**

**MOBILÍZATE E LOITA!!!**

**CONTRA AS SÚAS AFRONTAS, A NOSA UNIÓN!!**

Comité de Empresa de Atento-A Coruña